



## INTERPELACIÓN

---

### CONSORCIO CONTRA INCENDIOS DE O SALNÉS

O Pleno da Corporación do Concello de Vilagarcía, en sesión do 27/06/ 2002, acordou *“aproba-la modificación dos estatutos do Consorcio para a prestación do servizo contra incendios e salvamento da Comarca do Salnés, (coa redacción refrendada polo Pleno do Consorcio na sesión celebrada o día 18 de abril de 2002), exceptuando desta aprobación os artigos nos que se fai referencia á aportación económica a realizar polo Concello de Vilagarcía de Arousa (Artigo 21-b. Contribucións ó consorcio-Gastos de funcionamento: Concello de Vilagarcía, 6,42 % dos gastos anuais), por entender que debe ser cero (euros), e considerar que tanto a Xunta de Galicia como a Deputación Provincial deben asumir ese custo”*.

No expediente da documentación, inclúese certificación emitida pola secretaría xeral do Concello, (sesión da CMG do 6 de maio de 2002) no que expresa:

*“Vista a modificación dos Estatutos do Consorcio para a prestación do servizo contra incendios e salvamento da Comarca do Salnés; remitidos polo devandito Consorcio, aprobados polo Pleno do mesmo o día 18 de abril do ano 2002, a Comisión de Goberno acorda prestarlle aprobación e proceder a súa elevación ó Pleno da Corporación para a correspondente ratificación”*.

Ó inicio do asunto plenario, pola Sra. Secretaria, dérase lectura ó dictame emitido pola Comisión Informativa, correspondente (24-06-2002) que, entre outras cousas, di:

*“Dáse conta do acordo da Comisión Municipal de Goberno de data (8) de maio de 2002, polo que aproba a modificación dos Estatutos do Consorcio...”; engadindo: “Os representantes do Grupo Municipal do P.S. de G.-PSOE informan desfavorablemente a ratificación do indicado acordo, xa que, con posterioridade á súa adopción pola Comisión Municipal de Goberno, tiveron coñecemento de que en municipios como A Estrada e Lalín, que teñen tamén máis de 20.000 habitantes, como Vilagarcía, a Xunta de Galicia e a Deputación provincial, costéanlles a súa aportación, mentres que no caso de Vilagarcía, ó se-lo único municipios, dentro do Consorcio da Comarca do Salnés, é o único ó que se lle esixe unha aportación económica, por ter máis de 20.000 habitantes e considerar que o servizo tería que prestalo conforme a Lei de Bases de Réxime Local”*.

Con anterioridade, o Pleno da Corporación Provincial (DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA) na súa sesión ordinaria do día 22 de marzo do ano 2002

*“fóra da orde de día e previa declaración de urxencia ... acordou por maioría de votos do Grupo Popular e cos votos en contra do Grupo Socialista e do BNG, prestar conformidade á modificación dos mencionados Estatutos, aprobados inicialmente polo Pleno do citado Consorcio na súa sesión extraordinaria de 14 de xaneiro de 2002...”*.

Nos días que seguiron á celebración da sesión plenaria municipal, o Sr. Louzán (non se sabe ben si actuando como vicepresidente da Deputación de Pontevedra ou como presidente provincial da súa organización política), en visita a Vilagarcía declarou:

*“Gago, pola súa nula xestión, está moi mal acostumado a que tódalas inversións que se fan no seu municipio teñan que ser financiadas pola Xunta de Galicia e a Deputación. O que sinto é que este tipo de cousas o que provocan que saian perxudicados os cidadáns de Vilagarcía **que poden ver como se retrasa a posta en marcha do parque**” (Diario de Arousa, 7/7/2002).*

Outros feitos relevantes, dos que se ten coñecemento polo seu tratamento informativo a través dos diversos medios de comunicación, sinalan:

- a) O Consorcio ten constituído o seu órgano de goberno máximo, o Pleno (Artigo 9), resultando que *“un alcalde, que resulte designado nunha elección efectuada de entre os restantes alcaldes...”* é o actual alcalde de O Grove, **concello que ten rexeitado expresamente a aprobación dos Estatutos.**
- b) Designouse Xerente, na persoa do Sr. Tirado Serén, ó parecer por **decisión da presidenta**, non acordada polo Pleno, amparándose nunha *suposta* potestade para adoptar esta decisión.
- c) Resolveuse a prestación do servizo, privatizando a súa prestación por concesión á empresa **CELTAPRIX.**
- d) Non se ten concluída a obra, e posterior **posta en funcionamento da subsede**, radicada en Vilagarcía.
- e) Aprobouse o orzamento para o actual exercicio por un total de **840.028,49 euros, fixando como ingreso a aportación do Concello de Vilagarcía por importe de 49.650,90 euros.**

O Grupo Municipal do BNG, á vista da situación sinalada; efectúalle a seguinte

#### INTERPELACIÓN

- 1) ¿Qué medidas vai adoptar o Goberno Municipal para asegura-lo cumprimento do acordado polo Pleno (**aportación cero**), toda vez que pasados xa sete meses non se ten acadado solución á diferenza de criterios, e pola contra no orzamento do Consorcio fíxase a aportación do Concello de Vilagarcía?. ¿Incorporarase esta obriga na proposta de Orzamentos do Concello?.
- 2) ¿Qué consideración xurídica fai á situación provocada polo acordo adoptado no Concello de Vilagarcía e, máis si cabe, no de O Grove; non aprobando os Estatutos do Consorcio?. ¿Cómo pode *entenderse* a “representatividade” de estes dous concretos concellos no Pleno do Consorcio?.
- 3) ¿Qué opinión merece o “atraso” no remate das obras da subsede (Vilagarcía)?.
- 4) ¿Cómo valora a decisión da Presidenta, designando ó Xerente?.
- 5) ¿Comparte a privatización do servizo coa concesión a CELTAPRIX?.

Vilagarcía, 28 de xaneiro de 2003

**Xosé Castro Ratón**, *voceiro*

---

SR. ALCALDE – CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA